



**CONCELLO DE**

**CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

**ACTA Nº 2023/1  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**PRESIDE:**

JUAN MANUEL SABORIDO RAMA

**ASISTEN:**

**PSOE**

MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ

SANDRA FERNÁNDEZ SIABA

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY

**PP**

AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL

JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO

PEDRO LADO RIVEIRO

**BNG**

MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ

MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO

MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO

**AUSENTE**

CÁNDIDO JUSTO FIGUEIRA LESTÓN

**SECRETARIO**

JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 01 de febreiro de 2023, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, LBRL. Correspondía a celebración de sesión ordinaria o último xoves do mes de xaneiro, e por acordo dos grupos políticos acordouse trasladar a data de celebración ao 01 de febreiro, mantendo o carácter ordinario.

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

A presidencia recorda a María del Carmen Armendáriz, falecida recentemente, quen fora concelleira do BNG na lexislatura 2015-2019, polo seu grande labor e traballo incansable para acadar a igualdade e dereitos das mulleres. Gárdase un minuto de silencio.

**I. PARTE RESOLUTIVA**

**1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.**

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2022/5 do 01/12/2022) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

### 2.Aprobación POS+2023.

Pola Alcaldía infórmase ao pleno da Corporación da seguinte proposta:

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2022, publicadas no BOP núm. 228 do 1 de decembro de 2023.

Vista a circular sobre a aprobación das referidas bases na que sinala que o plan consta de tres tipos de achega provincial (achega provincial 2023, achega provincial 2022 e préstamo provincial 2023) que se distribúen entre 93 concellos da provincia utilizando os mesmos criterios obxectivos de reparto do POS. E que as cantidades asignadas a este concello para cada un destes tipos de achega son os que figuran na seguinte táboa:

| Achega provincial 2023 | Achega provincial 2022 | Préstamo provincial 2023 | Total POS+2022 |
|------------------------|------------------------|--------------------------|----------------|
| 177.201,06             | 114.685,83             | 3.691,69                 | 295.578,58     |

#### PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

#### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

|  | Deputación        |
|--|-------------------|
| Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 177.201,06        |
| Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)                 | 0                 |
| <b>Subtotal gasto corrente</b>                                       | <b>177.201,06</b> |

#### B ) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2023                               | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO |                  |   |                | Orza<br>men<br>to<br>total |
|--|-------------------------------|------------------|---|----------------|----------------------------|
|  | Deputación                    | Concello         |   |                |                            |
| Denominación da obra ou subministración              |                               | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total Concello |                            |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b> | ---                           | ---              | ---   | ---            | ---                        |

| ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles) | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO |                  |                         |                | Orza<br>men<br>to |
|--|-------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-------------------|
|  | Deputación                    | Concello         |                         |                |                   |
| Denominación da obra ou subministración                          |                               | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total Concello |                   |



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

|  |            |           | (só cando<br>sexa<br>deducible nos<br>abastecem.<br>auga potable) |           | total      |
|--|------------|-----------|---|-----------|------------|
| Proxecto de acondicionamento de<br>plateia do auditorio  | 114.685,83 | 19.237,08 | 0   | 19.237,08 | 133.922,91 |
| <b>Subtotal investimentos<br/>achega provincial 2022</b> | 114.685,83 | 19.237,08 | 0   | 19.237,08 | 133.922,91 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### C Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira  | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023<br>aplicado á redución da débeda |
|--|---|
|  | 0   |
| <b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b> | 0   |

### D Resumo:

| POS+ 2023 RESUMO<br>DE FINANCIAMENTO |                                     | Deputación | Concello  |   |                   | Orzamen<br>to<br>Total |
|--------------------------------------|-------------------------------------|------------|-----------|---|-------------------|------------------------|
|                                      |                                     |            | Concello  | IVE<br>soportado<br>deducible<br>(só cando sexa<br>deducible nos<br>abastecem.<br>auga potable) | Total<br>concello |                        |
| <b>A- GASTOS<br/>CORRENTES</b>       | Achega 2023                         | 177.201,06 |           |   |                   | 177.201,06             |
|                                      | Achega 2022<br>(Excep. Base<br>2.1) | 0          |           |   |                   | 0                      |
| <b>B-<br/>INVESTIMENTOS</b>          | Achega 2023                         | 0          | 0         | 0   | 0                 | 0                      |
|                                      | Achega 2022                         | 114.685,83 | 19.237,08 | 0   | 19.237,08         | 133.922,91             |
| <b>C- REDUCCIÓN<br/>DÉBEDA</b>       | Préstamo 2023                       |            |           |   |                   |                        |
| <b>D- TOTAL</b>                      | Achega 2023                         | 177.201,06 | 0         | 0   | 0                 | 177.201,06             |
|                                      | Achega 2022                         | 114.685,83 | 19.237,08 | 0   | 19.237,08         | 133.922,91             |
|                                      | Préstamo 2023                       |            |           |   |                   |                        |
|                                      | <b>TOTAL</b>                        | 291.886,89 | 19.237,08 | 0   | 19.237,08         | 311.123,97             |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos<br>investimentos<br>financeiramente<br>sostibles | (A)<br>Orzamento<br>contrata<br>(encher só esta<br>columna se non | (B)<br>IVE soportado<br>deducible<br>(encher ademais<br>esta columna se | (C= A-B)<br>Orzamento<br>subvencion<br>able<br>(encher |
|---|---|---|--|
|---|---|---|--|



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

| (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados) | hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible) | hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible) | esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible) |
|--|---|---|--|
| Acondicionamento de escenario do auditorio                           | 139.912,02  | 0   | 139.912,02   |
| <b>TOTAIS</b>  | 139.912,02  | 0   | 139.912,02   |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Na quenda de intervencións a concelleira do BNG, María Pilar Tubío, anuncia que o seu grupo se vai abster. Consideran que, se en catro anos non se efectuou ningún tipo de gasto no auditorio, parécelles incoherente empregar un POS Enteiro para este fin. Recorda que a Presidencia anunciara que existía un compromiso da Deputación, de 500,000 €, que se conseguirían a través dunha subvención nominativa para o remate do auditorio, feito que finalmente non se produciu. Tampouco lles parece acertado destinar 177.000 euros para gastos correntes, sen investir nada en saneamentos, rúas... Entenden que os gastos correntes, ao mesmo tempo que a vida, incrementaron, por iso era necesario realizar uns orzamentos reais. Mostran a súa satisfacción porque se execute o auditorio. Consideran que xa tería que estar empezado anteriormente, pero insisten en que é excesivo dedicarlle un POS enteiro, cando existen moitas necesidades de saneamento en diferentes lugares, algo que lles parece esencial.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP).

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 do grupo BNG

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.



# CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

## 3.Aprobación POS+Adicional 1-Gastos sociais extraordinarios 2023.

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023  
PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Visto que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023", que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das Bases foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 228 do 1/12/2022.

Considerando que xunto co POS+2023 regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais desta Deputación. E que a cantidade do POS+ADICIONAL 1/2023 asignada a ese concello para os gastos sociais extraordinarios é de 51.683,64€

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023

Dato notificado que figura no seu expediente

51.683,64 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023  | PREVISIÓN DE GASTOS 2023 | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|--|--------------------------|--|---|--|-------------------------------------|
| GASTO CORRENTE   | (A)                      | (B)  | (C=A-B)                                       | (D)  | (E=C-D)                             |
| a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.<br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPS, o gasto vai dirixido a nova contratación. | 0,00 €                   |  | 0,00 €  | 0,00 €   | 0,00 €                              |

|  |             |        |             |             |        |
|--|-------------|--------|-------------|-------------|--------|
| b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.<br>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €. | 18.400,00 € | 0,00 € | 18.400,00 € | 18.400,00 € | 0,00 € |
|--|-------------|--------|-------------|-------------|--------|

|   |                    |               |                    |                    |               |
|---|--------------------|---------------|--------------------|--------------------|---------------|
| c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.<br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPS.<br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa cedidas. | 19.283,64 €        |               | 19.283,64 €        | 19.283,64 €        | 0,00 €        |
| d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.  | 10.000,00 €        |               | 10.000,00 €        | 10.000,00 €        | 0,00 €        |
| e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.   |                    |               | 0,00 €             |                    | 0,00 €        |
| f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.  |                    |               | 0,00 €             |                    | 0,00 €        |
| g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.   | 4.000,00 €         |               | 4.000,00 €         | 4.000,00 €         | 0,00 €        |
| h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.  |                    |               | 0,00 €             |                    | 0,00 €        |
| <b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b><br><i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>   | <b>51.683,64 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>51.683,64 €</b> | <b>51.683,64 €</b> | <b>0,00 €</b> |

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 | PREVISIÓN DE GASTOS | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|-------------------------------------|---------------------|--|---|--|-------------------------------------|
| INVESTIMENTO                        | (A)                 | (B)  | (C=A-B)                                       | (D)                                    | (E=C-D)                             |



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

|  |               |               |               |               |               |
|--|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios. |               |               | 0,00 €        |               | 0,00 €        |
| j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais   |               |               | 0,00 €        |               | 0,00 €        |
| <b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>  | <b>0,00 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>0,00 €</b> |

|  | PREVISIÓN DE GASTOS | ESTIMACIÓN D'OUTROS INGRESOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|--|---------------------|------------------------------|---|--|-------------------------------------|
| <b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023</b> | <b>51.683,64 €</b>  | <b>0,00 €</b>                | <b>51.683,64 €</b>                            | <b>51.683,64 €</b>                     | <b>0,00 €</b>                       |

|  |                    |
|--|--------------------|
| I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES  | 51.683,64 €        |
| II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)                         | 0,00 €             |
| III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j) | 0,00 €             |
| <b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)</b>  | <b>51.683,64 €</b> |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Non habendo intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP, 3 do grupo BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

#### **4. Declaración de prescrición de obrigas recoñecidas pendentes de pago**

Pola presidencia infórmase ao pleno da Corporación da seguinte proposta:

#### **INFORME-PROPOSTA DE TESOURERÍA**

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 10/01/2023, e en cumprimento do establecido no artigo 5.2.b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con base aos seguintes,



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 10/01/2023, iniciouse o procedemento para declarar a prescrición das obrigación recoñecidas pendentes de detalladas por Intervención na súa Comunicación a Alcaldía de data 10/01/2023.

**SEGUNDO.** Con data 10/01/2023, emitiuse informe de Secretaría sobre o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** As obrigación, que en virtude do artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, prescriben ao catro anos, atópanse impagadas por esta Corporación, descoñecendo as causas na presente data. Foron atopadas nunha procura realizada con motivo do Plan de Pago a Provedores dous destas facturas (primeira e segunda da relación), sen que se aceptasen. As outras dous localizáronse nunca procura posterior, para atopar a causa de certos desaxustes no PMP e a morosidade. Feitas novas indagacións, o Concello tivo coñecemento de que as mercantís cesaron as súas actividades, se ben debe darse publicidade á relación por si existisen habentes-causa ou mercantís sucesoras.

| Exercicio Orz. m. | Titular do crédito      | Aplic. orzament. | Importe | Fase execución |
|-------------------|-------------------------|------------------|---------|----------------|
| 2014              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | --               | 62,22   | OPA            |
| 2015              | VIVEIROS VALADARES S.L. | --               | 629,20  | OPA            |
| 2015              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | 920-212.00       | 85,44   | O              |
| 2015              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | 323-212.00       | 12,34   | O              |

**CUARTO.** O prazo de prescrición comezou a contarse, en virtude do citado artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, desde as datas indicadas, en atención á natureza de cada obrigación, transcorrendo para todas elas máis de 4 anos:

| Exercicio Pptario | Titular do crédito      | Aplic. pptaria | Importe | Data de cumprimento de prazo prescrición |
|-------------------|-------------------------|----------------|---------|--|
| 2014              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | -              | 62,22   | 2018                                     |
| 2015              | VIVEIROS VALADARES S.L. | --             | 629,20  | 2019                                     |
| 2015              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | 920-212.00     | 85,44   | 2019                                     |
| 2015              | LAMELA PÉREZ, S.L.      | 323-212.00     | 12,34   | 2019                                     |



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|

**QUINTO.** Non consta que se produciu ningunha acción por parte de acredores lexítimos ou habentes-causea que de acordo co artigo 1973 do Código civil supuxesen interromper o prazo de prescrición.

**SEXTO.** Non consta que se producise ningunha traba de embargos xudiciais, administrativos ou doutra orde que puidesen afectar a terceiros.

**SÉTIMO.** Que se proceda a bloquear as propostas de pago que poidan derivarse das obrigación recoñecidas pendentes de pago obxecto do presente expediente.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— O artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

— O artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 1930 e seguintes do Código Civil.

— Os artigos 94 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Visto canto antecede, considérase que este expediente de prescrición seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable. Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

**PRIMEIRO.** Que se declare a prescrición das obrigacións recoñecidas pendentes de pago polo transcurso do prazo de catro anos sen exercitarse dereito algún por parte dos titulares a esixir o pago das obrigación xa recoñecidas ou liquidadas e, en unidade de acto aprobar o correspondente expediente de prescrición de obrigacións recoñecidas pendentes de pago por un importe total de 789,20 euros.

**SEGUNDO.** En atención á natureza das operacións, que se someta o expediente a trámite de audiencia, durante o prazo de quince días, mediante notificación expresa aos interesados, que como talles consten no expediente, a fin de que poidan comparecer no mesmo aos efectos de alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.

Igualmente, que se someta o expediente a trámite de información





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

pública, por prazo de vinte días, *artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* mediante o seu anuncio no *Diario Oficial correspondente* e no taboleiro de edictos da Corporación Municipal. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (*dirección <https://sede.carnota.gal/opencms/es/informacion/>*)

**TERCEIRO.** Que se declare extinguidas as obrigacións recoñecidas por esta Corporación pendentes de pago ou pendentes de aplicación, e a súa correspondente baixa nas súas respectivas contas.

**CUARTO.** Que se notifique aos interesados, se resultase posible, a declaración da prescrición e, polo tanto, a extinción das débedas.

Non habendo intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP, 3 do grupo BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

## II. PARTE DE CONTROL

### 1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

### 2. Rogos e preguntas.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber por que non se realizan alegacións á Xunta de Galicia con respecto á imposición de multas por vertidos en Lariño. Explica que o Concello, a través da súa asesoría xurídica, podería acudir ao Contencioso. Incide en que a Xunta, sen existir saneamento en Lariño, non podería multar ao Concello.

O presidente responde que a veciñanza, se non dispón do servizo de saneamento, debería ter unha fosa séptica nas súas vivendas, evitando desta forma este tipo de vertidos.

A concelleira do BNG explica que en anteriores lexislaturas efectuábanse alegacións e incluso se recorreu ao Contencioso, ganando finalmente o Concello. Explica que é obriga da Xunta realizar as obras de saneamento precisas e non debería cobrar esas multas.

O alcalde indícalle que se realizan alegacións á propia Xunta.

A concelleira do BNG insiste na necesidade de acudir ao Contencioso para evitar o pago destas multas, xa que anteriormente ganáronlle á Xunta os xuízos.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

O alcalde responde que o terán en conta.

Os concelleiros debaten sobre o proxecto que Augas de Galicia tiña previsto para levarse a cabo o saneamento integral de Lariño. Falan de dúas alternativas, realizar a rede primaria ou facer unha microdepuradora no propio lugar, solución coa que concorda o BNG e o PSOE.

O presidente indica que se pagaron arredor de 5.000 euros e o BNG insiste en que non se debería pagar nada.

A concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, traslada a queixa de varios veciños de Lariño por estar o alumeadado acendido de día e apagado de noite. A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda e o alcalde, respóndenlle que están traballando no cambio das luminarias.

A concelleira do BNG tamén lle traslada a queixa por fallos da televisión.

O presidente explícalle que cos que se están producindo, a raíz do cambio das luminarias a led, soen saltar os térmicos, porque o cableado é de alta sensibilidade. Aclara que pasou en Caldebarcos, Panchés, Noutigos...

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, aconsella que estas incidencias se trasladen, antes de pasar, á veciñanza, a través dos medios dispoñibles.

A concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, solicita saber en que punto está a licitación da Fontevella.

O presidente explícalle que a proposta que existe é colocar un bombeo nunha parcela privada e a Deputación non admite esta proposta de realizar pozos de bombeo en fincas privadas. Está en fase de modificarse.

As concelleiras do BNG acláranlle ao alcalde que a obra dos vestiarios de Lombáns tamén quedou deserta, e queren saber que vai pasar.

O presidente explícalle que se publicou o proceso de licitación en decembro e as empresas ao non traballar nesta época non se decataron.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber en que consiste o acordo entre o Concello e Espina y Delfín, que se publicou na prensa, para o pago de facturas.

O presidente dille que están en negociacións.

A concelleira do BNG advértelle ao alcalde que as facturas de Espina Y Delfín de reparación de bombeos son elevadísimas nos últimos tempos, en comparación coa anterior lexislatura.

O presidente contesta que dende a Praza da Solaina ata Panchés hai cinco estacións de bombeos que non están contempladas na concesión, xa que se executaron a posteriori.

A concelleira do BNG indica que as facturas están reparadas polo secretario e quere saber se é normal que os bombeos se estraguen tan continuamente.

A concelleira do BNG tamén quere saber se Dumbría xa paga o servizo.

O presidente respóndelle que Dumbría non usa practicamente o servizo, explica que hai oito vivendas enganchadas e en sete non vive ninguén.

Á concelleira do BNG non lle parece relevante ese dato. Aclara que aínda que non estean habitadas teñen que pagar polo saneamento igualmente. Simplemente quere saber se Dumbría paga a proporción que lle corresponde.

O presidente responde que non dispoñen da ordenanza correspondente para pagar.

O concelleiro do PP, Pedro Lado, solicita saber cando se lle vai dar solución ao problema de saneamento existente nalgunhas vivendas da Praza da Solaina do Pindo. Recórdalle que levan co problema dende hai máis de vinte anos e vai chegar o verán e continúaase coa mesma situación. Explica que



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A

está cansado de que se culpe á veciñanza do Pindo deste problema. O concelleiro indica que fai un par de plenos, tanto o grupo do PSOE e o grupo do BNG, insistiron en que estas vivendas se tiñan que conectar na xeral. Así mesmo, aclara que o alcalde expuxera que esas obras ían contemplarse no próximo POS.

O alcalde volve a explicar que a veciñanza que non conte co servizo de saneamento está obrigada a ter unha fosa séptica, para evitar os vertidos.

O concelleiro do PP, Pedro Lado, explica que hai vivendas que non teñen opción para instalar unha fosa séptica. Insiste en que o ía incluír no POS deste ano.

Os concelleiros do BNG respóndenlle que acaba de aprobar o POS.

O concelleiro do PP, Pedro Lado, indica que cos gastos correntes se pode executar esta obra.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, indícalle que non se poden destinar a obras, que se deben adicar ao pago de electricidade, lixo...

O concelleiro do PP, Pedro Lado, explica que dotar de saneamento esas vivendas é un servizo esencial para o Pindo.

Os concelleiros e as concelleiras entran en debate sobre o financiamento do saneamento por parte da Xunta de Galicia.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte horas e vinte e oito minutos do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama